

Bases do Concurso de Poesía

O Concello de Ponteareas organiza o concurso literario dos VII Xogos Florais para contribuír o desenvolvemento da poesía local.

1. Poderán concorrer a este concurso todas as persoas que o desexen, atendendo ás **categorías** seguintes:
 - Xuvenil: de 13 a 18 anos
 - Adultos: maiores de 18 anos

Para o cómputo de idade, establécese como data de referencia o 5 de maio de 2022 (día de remate do prazo de entrega dos traballos participantes).

Na categoría xuvenil, as persoas participantes deberan incluír unha **autorización** de participación asinada polo pai, nai ou titor/a legal da/do concursante.

2. Os textos presentados deben ser **orixinais e inéditos**, escritos en lingua galega. O tema é libre. Non poderá ser premiado ningún texto que xa fose premiado noutro concurso ou certame.

Se se presenta o texto en formato papel, empregaranse folios mecanografados por unha soa cara a dobre espazo e tamaño de letra 12.

A extensión mínima será de 14 versos e a máxima de 40. Só se admitirá un poema por participante.

3. Os poemas presentaranse baixo pseudónimo. Para garantir o anonimato, non poderán aparecer datos persoais nin sinaturas. En cada traballo só pode aparecer a categoría (xuvenil ou adulto) e un pseudónimo do autor ou autora (nunca o nome real).

Os traballos poden presentarse de dúas maneiras:

De xeito presencial, na Biblioteca Pública Municipal, en dous sobres. Un pechado, no que se aparezan os **datos persoais**: nome e apelidos, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal, enderezo electrónico e a autorización do pai, nai, ou titor/a legal no caso das persoas menores de idade.

O sobre pechado cos datos persoais introducirase nun sobre máis grande xunto coa copia do poema. No remite deste sobre grande indicárase a categoría e o pseudónimo.

Tamén se poden enviar por correo electrónico a auditoriomunicipal@ponteareas.gal. O correo ten que ir acompañado de dous arquivos. Un que inclúa todos os datos persoais do/da autor/a e outro co poema presentado ao concurso.

4. O prazo de presentación remata ás 23:59 do 5 de maio de 2022.
5. Fíxase un total de tres **premios** en cada categoría, que consistirán na entrega dunha flor natural, diploma acreditativo e unha peza de artesanía galega conmemorativa a cada un das persoas premiadas.
6. O xurado estará integrado por persoas relacionadas co eido da literatura galega e unha persoa representante do Departamento de Cultura. A súa composición farase pública con antelación á emisión do ditame.
7. Os membros do xurado valorarán a calidade literaria, a orixinalidade, o uso correcto do galego e outros aspectos que consideren oportunos.
8. As súas **deliberacións** serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A súa decisión, inapelábel, farase pública con antelación á celebración dos Xogos Florais, que terán lugar no mes de maio en data por determinar, a través da súa publicación na páxina web e no Taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas. As persoas galardoadas deberán estar necesariamente presentes nos Xogos Florais. Neste acto terán que ler os seus traballos e faraselles entrega do galardón.
9. As obras non premiadas serán **destruídas**.
10. Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases. A participación nesta convocatoria supón a aceptación total destas así como a decisión do xurado.

Ponteareas, 05 de abril de 2022